

SEMANA DO 18 AO 22 DE MAIO

Nesta semana ímos a ver a quinta unidade do curso, “Animais moi diferentes”.

Como é unha unidade “medio nova”, ímos a traballar nada máis que as cousiñas máis importantes. Primeiro explicamos un pouco como son de diferentes os animais e logo facemos uns exercicios moi fáciles. Imos alá!

Na Terra existen moitos espazos naturais (bosques, desertos, sabanas...). En cada un deles danse as condicións necesarias para que poidan vivir determinadas especies animais.

Animais salvaxes e domésticos



Os animais salvaxes viven en liberdade na natureza. Estes animais buscan o seu propio refuxio e alimento.

Os animais domésticos viven cerca das persoas, que os alimentan e os coidan. Destes animais obtéñense alimentos e acuda.



Os mamíferos e as aves



Os animais **mamíferos** teñen o corpo cuberto de pelo e nacen do ventre da súa nai. Cando as crías son pequenas, **maman**.



As **aves** teñen o corpo cuberto de plumas e nacen de ovos. As aves incuban os ovos antes de que nazan as crías.

Os peixes, os anfibios e os réptiles



Os **peixes** son ovíparos, teñen o corpo cuberto de escamas e viven na auga.




Os **anfíbios** son ovíparos e teñen a pel espida e húmida. Viven na auga ou cerca dela.




Os **réptiles** son ovíparos e teñen o corpo cuberto de escamas. Algúns réptiles viven na terra e outros na auga.

1. Rodea os animais que viven no mar.




2. Escribe salvaxe ou doméstico onde corresponda.



3. Que produtos nos proporcionan estes animais?

Escribe.



4. Marca as afirmacións correctas.

- Os peixes teñen aletas e son vivíparos.
- As crías dos animais mamíferos maman.
- Todas as aves voan.
- Todos os réptiles teñen escamas.

5. Escribe o nome de cada animal onde corresponda.



Mamíferos ►

Aves ►

Réptiles ►

Anfibios ►

Peixes ►
